



1. INICIO DAS CLASES DE INGLÉS PARA COLEXIADOS/AS

Informámosvos de que o vindeiro **martes, 18 de outubro**, comezarán as clases de inglés nos mesmos días e horarios que o curso pasado: **martes, mércores e xoves** en horario **de 20.30 a 22.00 h.**

As persoas que xa participaron na última edición do curso e que non puideron asistir á reunión previa do pasado 6 de outubro, poderán contactar co equipo docente (workshop.international@gmail.com) para confeccionar os grupos definitivos para cada día.

2. RECORDATORIO DE XORNADA: “COMO FORMULAR UNHA RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL?”

Día: 13 de outubro

Lugar: salón de actos do ICA de Santiago

Horario: de 19.00 a 21.00 h

Matrícula: **gratuíta para colexiados, sen inscrición**; 30 € para non colexiados

Relator: Julián López Martínez, avogado e director xurídico de Sepin Administrativo

3. XORNADA: “O COMPLIANCE OFFICER”

Día: 26 de outubro

Lugar: salón de actos do ICA de Santiago

Horario: de 19.30 a 21.30 h

Matrícula: **gratuíta para colexiados do ICA Santiago, sen inscrición**

50 € para demais persoas interesadas

Relator: Antonio Alarcón Garrido, avogado e graduado social; socio fundador do despacho de avogados Alarcón y Asociados

Programa:

O compliance officer e o alcance da responsabilidade penal das persoas xurídicas.

Introdución ao concepto de compliance officer:

A profesión de compliance officer e a relación con outros profesionais.

Alcance da responsabilidade penal das persoas xurídicas.

Análise da circular 1/2016 da Fiscalía Xeral do Estado.

Requisitos que deben cumprir os moelos de prevención de delitos.

Elementos do modelo de organización e xestión de riscos penais.

O repositorio de evidencias: exclusión ou atenuación da responsabilidade penal.

A xestión da crise empresarial provocada pola comisión dun feito delituoso.

Comentario teórico-práctico dos delitos que deben ser obxecto de prevención e control da actividade de compliance.



4. PRÓXIMA XORNADA: “O NOVO BAREMO DE TRÁFICO, PROCEDEMENTO E SISTEMA INDEMNIZATORIO”

O Colexio de Avogados está programando para o mes de novembro un relatorio sobre o baremo de tráfico, que será impartido por Juan María Pena Lasso (avogado e asesor de diversas aseguradoras) e terá unha duración aproximada de tres horas. Proximamente informarse da data.

Programa:

Procedemento de oferta motivada e informes MLCF:

Introdución: A despenalización das faltas

Descrición

Problemas de dereito transitorio

Sistema indemnizatorio:

Regras xerais

Estrutura

Aplicación retroactiva

Casos prácticos:

1. Falecemento
2. Lesións permanentes
3. Compatibilidade de indemnizacións